



Neste número // Reunión interclusters / Presentación da páxina web do Clúster / Xornada técnica de fluxos de traballo baseados en PDF / Xornada sobre solucións informáticas de xestión empresarial-ERPs /

Os clústers estratéxicos de Galicia reúnense para intercambiar experiencias

Jacobo Bermejo e Juan Penas acudiron a unha reunión de traballo cos representantes das principais agrupacións empresariais galegas para analizar e debater sinerxías e posibles acordos de colaboración



Jacobo Bermejo e Juan Penas compartiron mesa con representantes dos principais clústers galegos.

Representantes dos principais clústers galegos mantiveron diversas reunións de traballo co obxectivo de facilitar o intercambio de experiencias entre estas agrupacións, para mellorar directamente o grao de excelencia interna das súas asociacións e

indirectamente o nivel de competitividade de todos os seus asociados.

O Clúster do Audiovisual Galego (CLAG) foi o organizador das reunións que se levaron a cabo como unha das accións encadradas dentro dun programa de

colaboración que asinou co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e como consecuencia da constatación dunha falta de contactos e iniciativas conxuntas entre os diferentes clústers galegos.

Juan Penas, xerente do Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego, participou no "Grupo de reflexión e intercambio de experiencias", compartindo mesa con representantes dos clústers galegos da biotecnoloxía, da acuicultura, da madeira, do naval e do audiovisual.

No seo deste grupo de traballo identificáronse as principais áreas de interese común para os clústers, entre as que figuran aspectos como a cooperación, innovación, formación, internacionalización e responsabilidade social empresarial, entre outros.

Neste contexto tamén se validaron as principais fortalezas e debilidades dos clústers estratéxicos de Galicia con respecto ao seu funcionamento e operativa interna.

Unha das accións levadas a cabo co obxectivo de dar a coñecer os diferentes clústers galegos foi a elaboración dun DVD que recolle os obxectivos de cada un deles e as súas principais áreas de actuación.

/ O Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon en marcha a súa páxina web /

O novo portal aloxado no dominio www.clustergrafico.com presentará as actividades e proxectos do Clúster e fará promoción dos produtos e servizos de todas as empresas asociadas

O Clúster conta xa cunha páxina web corporativa, unha ferramenta imprescindible na actual Sociedade da Información e do Coñecemento, que servirá para dar a coñecer ao gran público os seus obxectivos, liñas de traballo, noticias, etcétera, e, o que é máis importante, quen son os membros do Clúster e os servizos que ofertan.

Este é un paso moi importante dentro dos obxectivos do Clúster, xa que o

como a lograr unha óptima comunicación non só interna, senón tamén de cara ao exterior.

O website deseñouse cunha manifesta vocación de claridade, axilidade, dinamismo e flexibilidade e co fin de contribuír ás accións levadas a cabo nun dos principais eixes de traballo do Clúster: a innovación.

Neste contexto, unha das principais novidades é que os membros do Clúster

O novo portal contribuirá a reivindicar o peso dos sectores gráfico, publicitario e editorial galegos

novo portal contribuirá a reivindicar o peso dos sectores gráfico, publicitario e editorial galegos, así

dispoñen dun servizo de alertas que enviará unha mensaxe aos seus teléfonos móbiles para comu-



nicarllas a publicación na páxina web da información que máis se axuste aos seus intereses.

En canto á estrutura organizativa, pódense distinguir dúas zonas claramente diferenciadas. Unha en cor azul que vai ligada á pregunta *¿Quen somos?* e que se corresponde con toda a información relativa á presentación do Clúster, obxectivos, ámbitos de actuación, á súa organización interna e aos seus asociados.

No apartado dedicado aos membros do Clúster desenvólvese un catálogo dos produtos e servizos destas empresas co fin de dar a coñecer á sociedade en xeral as súas ofertas e

a axudarllas a expandir os seus negocios.

A outra zona na que se divide a web é de cor magenta e vai unida á pregunta *¿Que facemos?* Os seus apartados conteñen información xerada pola agrupación empresarial das súas actividades, proxectos, convenios de colaboración e da actualidade dos distintos sectores que o configuran.

No novo portal que se creou en castelán, inglés e galego, tamén se pode realizar unha lectura on-line deste boletín, posúe accesos ao website da plataforma tecnolóxica e conta cunha axenda na que se poden consultar os eventos e principais feiras que afectan aos membros do Clúster.



/ Xornada para achegar aos empresarios a importancia da automatización e a estandarización /

Manuel Asorey, director de EPS pronunciou un relatorio sobre fluxos de traballo baseados en PDF

O Clúster organiza xornadas técnicas co obxectivo de achegar aos asociados todas as novidades do mercado. O último seminario tivo lugar o pasado 13 de marzo na Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, baixo o título: "Fluxos de traballo PDF. Automatización e estandarización para un workflow dixital"

a esta cita, e de presentar o relator da xornada: Manuel Asorey, director xeral de EPS España.

O obxectivo deste seminario era informar aos asistentes da automatización e estandarización do proceso produtivo, así como da importancia de optimizar os fluxos de traballo para reducir incidencias.

Jacobo Bermejo, presidente do Clúster, foi o encargado de dar a benvinda aos

Asorey comezou a súa intervención realizando unha radiografía do sec-



Máis de corenta empresarios acudiron á xornada organizada polo Clúster.

Manuel Asorey aconsellou aos empresarios galegos que realicen investimentos para automatizar os seus procesos produtivos

máis de corenta empresarios galegos que acudiron

tor na que destacou que o mercado pasa por unha



Jacobo Bermejo presentou a Manuel Asorey, director xeral de EPS España.

situación de globalización, caracterizada por tiraxes máis curtas, prezos reducidos e unha maior brevidade nos tempos de produción. Na súa opinión, a solución a esta situación pasa pola automatización e a estandarización.

PDF/X e a súa tipoloxía, pois se trata dun formato creado para proporcionar fiabilidade ao sector.

O PDF/X é un ficheiro predicible, multiplataforma e de reducido tamaño que permite reducir os tempos de produción, así como os erros e os custos. En palabras de Asorey: "aos creadores achégalles confianza no resultado impreso e aos impresores a recepción de ficheiros libres ou case de problemas"

O director xeral de EPS España aconsellou aos empresarios galegos que realicen investimentos para automatizar os seus procesos produtivos, xa que reducirán os custos, os tempos de produción, os erros e incrementarán a súa eficacia produtiva.

En España, segundo unha enquisa realizada en maio do 2007 pola Federación de Empresarios de Industrias Gráficas de España (Feigraf) a empresarios gráficos, o PDF é o segundo formato máis recibido, cun 40%. Manuel Asorey explicou aos asistentes as características do

BREVES

Proxectos da Plataforma Tecnolóxica

O xerente do Cluster mantivo unha reunión con Marisa Castaño, unha das responsables de Unite, organismo que xestiona as plataformas tecnolóxicas, co obxectivo de concretar os posibles proxectos que resultarían interesantes para os membros do Clúster e que conformarán a Axenda Estratéxica da plataforma tecnolóxica.

A D.X. de I+D+i presentará no próximo mes de maio o proxecto Red Neurona que ten como obxectivo poñer en contacto a todos os clústers galegos para que poñan en común os seus recursos e necesidades e establezan acordos de colaboración.

Grupos de traballo para futuros proxectos

Entre os principais eixes de actuación do Clúster atópanse a innovación, a formación e a internacionalización. Por este motivo, na última reunión da Xunta Directiva celebrada no pasado mes de marzo creáronse as comisións de traballo, unha por cada un destes eixes, e designáronse aos responsables de cada unha delas.

Jacobo Bermejo será o encargado do grupo de innovación, Carlos Docampo do de formación e Carlos del Pulgar coordinará as accións relacionadas coa internacionalización. O obxectivo é que os membros do Clúster participen nos proxectos que máis se axusten aos seus intereses empresariais.

Acordo coa plataforma byGalicia

Nunha reunión que mantiveron Juan Penas e Antonio González, responsable da plataforma byGalicia, acordaron que a Consellería de Innovación e Industria ofrecerá aos membros do Clúster unha serie de accións totalmente gratuítas co fin de facilitar a internacionalización das compañías galegas.

Todos os asociados teñen a posibilidade de realizar a páxina web das súas empresas en inglés, de recibir información das licitacións públicas que xurdan no ámbito da comunidade europea e dos estudos das últimas tendencias do mercado dos sectores das artes gráficas, editoriais, deseño e publicidade.

/ Juan Penas inaugura unha xornada sobre sistemas de xestión empresarial /

O xerente do Clúster foi o encargado de inaugurar unha xornada informativa organizada por TecnoCom e Caixa Galicia, sobre solucións informáticas de xestión empresarial.

Juan Penas explicou que estas ferramentas axudan aos empresarios a controlar todos os procesos de xestión das súas compañías e lles permite conseguir a información axeitada para a toma de decisións dentro da súa estratexia.

Deseguido Javier Pou, director comercial sector privado de TecnoCom Noroeste, realizou unha presentación da súa compañía e analizou a importancia de elixir un socio tecnolóxico, ao que definiu como un "compañeiro de viaxe das organizacións".

Pola súa banda, Diego Arteaga, especialista de produto de Microsoft Dynamics, deu a coñecer Microsoft Dynamics NAV, un sistema de xestión empresarial global integrado que axuda aos empresarios

a obter unha resposta rápida do rendemento dos seus negocios e a optimizar.

A asistencia de Juan Penas a este acto é unha mostra máis

de que o Clúster aposta pola necesidade de que as empresas implanten sistemas de xestión integral para mellorar a súa competitividade e aumentar a súa produtividade.



Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:
Teléfono: **981 568 969** / Fax: **981 568 993**

Enderezos electrónicos:

juanpenas@clustergrafico.com (Xerente) / **comunicacion@clustergrafico.com** (Prensa) / **cluster@clustergrafico.com** (Xeral)